



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

RESOLUCIÓN

Con data 16 de febreiro do 2016, rexistro de entrada número 305, a avogada dona Olga Regueiro Darriba, remite ó concello reclamación polos danos sufridos por don Manuel o 9 de setembro do 2015 cando circulaba na súa cadeira de rodas polo tramo da estrada denominado “O Portal de Ferro” – Boqueixón, como consecuencia dunha caída producida polo mal estado de conservación do pavimento. Solicita unha indemnización por responsabilidade patrimonial, de 40.260,10 €.

Con data 22 de marzo do 2016, rexistro de saída 238 o concello solicítalle que no prazo de 10 días aporte, parte médico, reportaxe fotográfica do lugar do accidente e das feridas producidas e con data 6 de abril, rexistro de entrada 638 recíbese no concello a reportaxe fotográfica das feridas así como o parte médico.

Con data 21 de abril do 2016, a técnica municipal dona María Carmen Novoa Sío emite informe co obxecto de determinar o estado actual da vía municipal xunto con reportaxe fotográfica.

Con data 29 de abril do 2016, emite novo informe, no cal se reitera no dito no informe anterior e engade que se trata dun camiño veciñal e que consta dunha lixeira pendente descendente na dirección sur.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 6 de maio do 2016, acordouse iniciar o expediente para determinar, coñecer e comprobar os datos segundo os cales se debe pronunciar a resolución; nomear instrutora do expediente e dar trámite de audiencia ó interesado.

Con data 26 de maio do 2016, número de entrada 16/996, dona Olga Regueiro Darriba presenta escrito no cal reitera que debido ó deficiente estado de conservación do camiño veciñal, de titularidade local, don Manuel caeu da súa cadeira de rodas e considera indemnizable 8 días impeditivos a razón de 58,41 € por día, os días non impeditivos 15 días, a razón de 31,43 euros diarios, os 30 puntos de sutura cuxo valor é: 39.218,10 €.

Solicitáronse informes, por parte do concello a:

- Estudio Técnico Gallego, SA, arquitecta municipal, que se recibiu o 21/06/2016, número de entrada 16/1273.
- Seguros Bilbao, que se recibiu o 22/06/2016, número de entrada 16/1297.
- Á letrada/representante de don Manuel, que se recibiu o 1/07/2016 número de entrada (nota técnica redactada por don José Miguel Solas Alados e don Andrés S. Castro Fuente). Con data 08/07/2016 co número de

entrada 16/1436, dona Olga Regueiro Darriba remite escrito no cal renuncia a presentar proba testifical.

Con data 21 de xullo do 2016, número de entrada 16/1576, don Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, canais e portos, a petición do Concello de Boqueixón, remite informe técnico en contestación á nota técnica redactada por don José Miguel Solas Alados e don Andrés S. Castro Fuente, (que tivera entrada no concello o 1 de xullo do 2016).

Con data 21 de xullo do 2016, rexistro de saída 16/686, remítese trámite de audiencia a dona Olga Regueiro Darriba.

Con data 3 de agosto do 2016, co número de entrada 16/1662, dona Olga Regueiro Darriba presenta alegacións, nas cales sinala que :

1. Que a técnica non acudiu ao lugar dos feitos ata o 21 de abril do 2016, é dicir, dous meses e catro días máis tarde da caída, que non existía elevación (ou cresta) nin baches que desequilibraran a cadeira de rodas, se ben e certo que a vía ten unha lixeira pendente descendente na dirección sur, con unha curva perigosa, o que provocou a caída á cuneta ocasionándolle 30 puntos de sutura na cabeza.

2. Que na nota técnica presentada polo señor José Miguel Solas Alados, de data 30 de xuño do 2016 percíbese no camiño veciñal resalto excesivo, cunetas sen limpar, non existe ningún tipo de sinalización, non existe mantemento da vía, existencia de curva perigosa sen sinalizar no punto quilométrico 0+300 lugar do accidente, todo elo tal e como acreditan na reportaxe fotográfica dos folios 12 , 13, 14 e 15.

Que a día de hoxe o concello non tomou medidas necesarias para unha válida conservación e mantemento da vía.

3. Que o informe de don Pablo Blanco , en relación coa orden circular sobre criterios de aplicación de sistemas de contención de vehículos do 2014, refírese na súa aplicación a os sistemas de contención de vehículos e que de acordo co 2.2 " a instalación dos sistemas de contención está xustificada en zonas nas que se detecten elementos de risco como a curva perigosa sen sinalizar, de acordo coa reportaxe fotográfica do folio 13, foto 5º, lado esquerdo no punto quilométrico 0+300.

Solicita indemnización polos danos sufridos cando o seu cliente circulaba na súa cadeira de rodas no tramo da vía municipal "O Portal de Ferro", como consecuencia da mala conservación e mantemento e que dita vía carece de sinalización algunha que indique a perigosidade do lugar.

Á vista de todo o actuado , a instrutora do expediente, con data 4 de agosto do 2016 dita a seguinte proposta de resolución:

“Rexeitar a solicitude presentada pola letrada don Olga Regueiro Darriba en representación de don Manuel _____ , formulando reclamación por danos sufridos cando circulaba na súa cadeira de rodas no tramo de vía municipal denominado O Portal de Ferro, en Lamas – Boqueixón, por inexistencia de relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e o dano producido, polo que procede desestimar a reclamación presentada”.

Con data 5 de agosto do 2016, número de saída 16/724, solicítase ditame ó Consello Consultivo de Galicia.

Con data 13 de setembro do 2016, número de entrada 16/1963 o Consello Consultivo de Galicia achega certificado do acordo adoptado en relación co expediente 259/16 “reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona Olga Regueiro Darriba en representación de don Manuel , polos danos sufridos por mor dunha caída no tramo da estrada O Portal de Ferro”, no cal acorda devolver o expediente sen a emisión do ditame preceptivo posto que é preciso emendar as seguintes omisións:

1. Emisión dun novo informe que deberá pronunciarse de xeito expreso e preciso, sobre o estado do lugar no que aconteceu a caída, na data na que esta tivo lugar así como si se tivo coñecemento doutras caídas ou accidentes de vehículos na zona similares (na mesma data, en datas anteriores e/ou posteriores)
Así mesmo deberán detallar o informe os labores de mantemento e reparación levados a cabo na dita zona, tanto con carácter previo como posterior.
Se existía algún contrato asinado polo concello relativo á conservación e ao mantemento da zona na que tivo lugar a caída.
2. Concretar a que se está a aludir no informe técnico de data 21 de xullo de 2016, cando se indica “se trata dun accidente no que concorreron circunstancias especiais”
3. Copias máis nítidas das fotografías que o interesado acompañou á súa reclamación, así como das reportaxes fotográficas incorporadas ó informe técnico do 21 de abril de 2016 e ao informe achegado polo reclamante, do 28 de xuño do 2016.

Cumprimentadas as actuacións requiridas, remítese novamente trámite de audiencia a dona Olga Regueiro Darriba, o 3 de novembro do 2016 co número de saída 16/1058.
Recibe dona Olga Regueiro a notificación o 4 de novembro do 2016.
Non presenta alegacións.

Con data 23 de novembro do 2016 a instrutora do expediente redacta nova proposta de resolución, na cal sinala: “Rexeitar a solicitude presentada pola letrada don Olga Regueiro Darriba en representación de don Manuel , formulando reclamación por danos sufridos cando circulaba na súa cadeira de rodas no tramo de vía municipal denominado O Portal de Ferro, en Lamas – Boqueixón, por inexistencia de relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e o dano producido, polo que procede desestimar a reclamación presentada”.

Con data 24 de novembro do 2016, co número de saída 16/1156 remítese solicitude de ditame ó Consello Consultivo de Galicia.

Con data 22 de decembro do 2016, co número de entrada 16/2807, recíbese o ditame do Consello Consultivo de Galicia quen informa favorablemente a proposta de resolución, tal e como a continuación se transcribe literalmente:

“A Sección de Ditames do Consello Consultivo de Galicia, en sesión realizada o día dezaseis de decembro do dous mil dezaseis, coa asistencia dos membros que no encabezamento se expresan, examinou o expediente referente á “Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona Olga Regueiro Darriba en presentación de don Manuel , polos danos sufridos por mor dunha caída no tramo de estrada denominado “O Portal de Ferro”, expediente número CCG

259/16 deste Consello Consultivo, sendo o relator don José Antonio Fernández Vázquez.

ANTECEDENTES

1. *Dona Olga Regueiro Darriba, actuando en representación de don Manuel presentou, o 16.02.2016, unha reclamación de responsabilidade patrimonial ante o concello de Boqueixón polos danos derivados da caída que aquel sufriu o día 09.11.2015, no tramo de estrada denominado "O Portal de Ferro" cando, segundo relata, debido ao mal estado do dito tramo, a súa cadeira de rodas envorcou e o interesado caeu na cuneta.*

O importe reclamado fixase nun primeiro momento en 40.260,10 euros se ben nun posterior escrito presentado o 26.05.2016 cuantificase en 39.218,10 euros.

2. *Instruído o procedemento, o 04.08.2016 formulouse a proposta de resolución, en sentido desestimatorio da reclamación presentada.*

3. *O expediente de razón foi remitido, para preceptivo ditame deste Consello Consultivo de Galicia, polo señor alcalde do concello de Boqueixón, tendo entrada no rexistro deste organismo o día 08.08.2016.*

4. *En data 08.09.2016 a Sección de Ditames acordou a devolución do expediente para que se completase a súa instrución coa emisión dun novo informe.*

5. *Cumprimentadas as actuacións requiridas e logo de nova audiencia á parte actora, formulouse proposta de resolución en sentido desestimatorio da reclamación.*

6. *O expediente de razón foi novamente remitido a este Consello Consultivo onde tivo entrada o 28.11.2016.*

7. *Os demais antecedentes dedúcense do contido do ditame.*

CONSIDERACIÓNS

Primeira

O Consello Consultivo de Galicia é competente para coñecer do expediente de razón, en virtude do previsto no artigo 12.j) da Lei 3/2014, do 24 de abril, por tratarse dunha reclamación de responsabilidade patrimonial interposta contra unha entidade local por contía superior a 30.000 €.

Segunda

O expediente sobre o que se solicita a emisión de ditame suscita un caso de responsabilidade patrimonial das administracións públicas que, como tal suposto, vén regulado basicamente polo artigo 106.2 da Constitución española, e no caso sometido a consulta, dada a data de inicio do procedemento, polos artigos 139 a 144 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en adiante, LRPAC), e polo Regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial, aprobado polo Real Decreto 429/1993, do 26 de marzo, segundo así se desprende do disposto na Disposición transitoria terceira da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común.

Terceira

No noso ordenamento xurídico a responsabilidade patrimonial nace cando se produce un dano efectivo e individualizado no patrimonio dunha persoa ou un grupo de persoas sempre que ese dano sexa antixurídico e consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

Non obstante, a xurisprudencia vén modulando o carácter obxectivo da responsabilidade patrimonial obxectiva a súa xeneralización máis alá do principio de causalidade de maneira que, para que exista aquela, é imprescindible a existencia dun nexo causal entre a actuación da Administración e o resultado danoso producido, e que a socialización de riscos que xustifica a responsabilidade obxectiva da Administración, cando actúa ao servizo dos intereses xerais, non permite estender a dita responsabilidade ata cubrir calquera evento (no caso que nos ocupa, ata cubrir todo accidente nunha vía pública), o que, noutras verbas, significa que a prestación pola Administración dun determinado servizo público e a titularidade por parte daquela da infraestrutura material para a súa prestación, non implica que o vixente sistema de responsabilidade patrimonial obxectiva das administracións públicas converta a estas en aseguradoras universais de todos os riscos co fin de previr calquera eventualidade desfavorable ou danosa para os administrados que poida producirse con independencia do actuar administrativo, porque do contrario transformárase aquel nun sistema providencialista non contemplado no noso ordenamento xurídico.

Como máis significativos lindes daquel principio xeral poden destacarse tres acoutacións de formulación legal: a forza maior (artigo 139.1 da LXPAC), a obriga xurídica de soportar o dano (artigo 141.1 inciso 1º da LXPAC), e a non indemnizabilidade dos danos derivados de feitos e circunstancias que non se puideran evitar ou prever segundo o estado da ciencia e a técnica existentes na produción daqueles (artigo 141.1 inciso 2º LXPAC); así como aquelas outras de creación xurisprudencial: culpa da vítima e feito de terceiro.

Cuarta

Polo que se refire ás cuestións materiais ou de fondo que suscita o expediente examinado, de acordo coas previsións do artigo 12.2 do Real decreto 429/1993, do 26 de marzo, resulta preciso determinar neste ditame se existe, no caso que se nos presenta a exame, unha relación de causalidade entre o funcionamento do servizo e os danos aducidos.

A este respecto hai que indicar que o reclamante achegou diversos informes médicos relativos á asistencia sanitaria recibida como consecuencia das lesións derivadas dun accidente sufrido cando circulaba na súa cadeira de rodas, máis nin achegou nin propuxo proba ningunha relativa ás concretas circunstancias nas que tal accidente tivo lugar, achegando unicamente un informe técnico que analiza o estado de conservación e seguridade do camiño veciñal no que se tería producido o accidente.

Así, na reclamación inicial repróchase o accidente ao "mal estado de conservación del pavimento, sin arcén".

En escrito posterior a representante do interesado relata que "cuando bajaba por su izquierda, como peatón, la silla da un giro y cae al terraplén (...) que el vuelco de la silla de ruedas, y la caída al terraplén, por la existencia de desnivel al ser una cuneta con demasiada profundidad". Igualmente, no relato da cinemática do accidente, alúdese a que o accidentado "perdeu o control da súa cadeira de rodas". Indicándose noutro punto do escrito que "el vuelco de la silla de ruedas se produce por el mal estado por una cresta en la superficie de rodamiento, presentándose en zonas de frenaje durante una bajada, estas causas son debidas a la mezcla de baja estabilidad por exceso de asfalto, humedades excesivas o contaminación con aceites".

Á vista da documentación obrante no expediente podería aceptarse como verosímil o feito de que as lesións padecidas polo señor foron consecuencia dun accidente sufrido cando se desprazaba na súa cadeira de rodas, como así relatou aos facultativos que o atenderon, e desta maneira se recolle no informe de alta que achegan os reclamantes, pero ningún elemento de proba apunta, sequera indiciariamente, a que o sinistro fose consecuencia do funcionamento do servizo público, vinculado ao mal estado de conservación dun vial, e nin sequera que aquel se producira nunha vía pública.

Antes ben, o propio accidentado relata aos facultativos, que así o recollen no dito informe de alta, que o accidente se produciu "por caída en su silla eléctrica por una pendiente por fallo de la silla".

Debe admitirse que a ausencia de testemuñas presenciais do accidente obrigaba á parte actora a un intenso esforzo probatorio para achegar suficiente convicción sobre a realidade dos feitos que alega, pero ese esforzo en absoluto foi abordado, pois non se achegou sequera a declaración testemuñal das persoas que asistiron ao accidentado (camioneiro que o localizou no noiro ou persoal do 061 que o recolleu e asistiu) de modo que nin sequera se conta coa proba de que o accidente aconteceu no lugar que se relata. Tampouco se instou a elaboración dun atestado, de modo que a Administración non tivo coñecemento dos feitos ata a data na que se interpuxo a reclamación, meses despois.

A falta de toda proba sobre a circunstancia de que o accidente se produciu nunha vía pública debe conducir sen máis á desestimación da reclamación, pola falta de xustificación do presuposto esencial da conexión do dano co servizo público.

Quinta

Sen prexuízo do indicado na consideración anterior, e a maior abastanza, hai que indicar que a obriga da Administración de responder polo funcionamento dos servizos públicos está condicionada á existencia do imprescindible nexo causal entre o dano alegado e a actuación administrativa; nexo causal en ningún caso presumible, senón, pola contra, de obrigada proba por quen o invoca, o que non acontece no presente caso.

E se ben é certo (como se recorda, entre outros, no ditame CCG 254/2015) que a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, a obxectividade e a imparcialidade e, na súa consecuencia, aquela está interesada "de oficio" no esclarecemento da verdade material (o que supón desprenderse de calquera actitude pasiva que impida o cabal coñecemento dos feitos), neste caso, fronte á ausencia de proba do reclamante sobre as circunstancias nas que se produciu a caída, non é oponible unha conduta de omisión por parte da Administración na pescuda dos feitos, observándose por ela cumpridamente o principio de oficialidade e o deber de boa fe na actuación procedemental.

Constan, así, no expediente informes diversos que cuestionan solventemente a existencia de defectos de deseño, construción ou conservación do vial, atendida a súa condición de camiño veciñal, nomeadamente o informe técnico asinado pola arquitecta encargada da asistencia técnica ao concello e o asinado a petición do concello polo enxeñeiro de camiños, canais e portos o 04.08.2016.

En confrontación co sostido nos ditos informes, a parte actora achega un informe técnico sobre as circunstancias de conservación e seguridade do lugar onde se di producido o accidente, censurando a ausencia dunha serie de medidas de seguridade a modo de sistemas de contención, así como o mal estado de conservación do firme do camiño.

Respecto do estado de conservación do pavimento, no informe da arquitecta do 21.04.2016, realizado a instancias do Concello de Boqueixón, afirmase que “o pavimento é de rego asfáltico, no que se observan as irregularidades propias deste tipo de afirmado, pero atopándose nun bo estado de conservación para este tipo de vías, a día de hoxe”.

Engadidamente, por parte do enxeñeiro que informa a instancia de concello o 04.08.2016 combátese a censura que se realiza ao estado de conservación e seguridade da vía afirmándose que “sorprende a proposta de medidas mínimas a adoptar realizada na nota técnica en tanto que esta carece de toda proporcionalidade para o tipo de vía da que se trata. Isto é, a dotación dun sistema de contención non ten cabida baixo a actual o.e. 35/2014 e a colocación dunha varanda ou semellante non é de aplicación en tanto que non existe un itinerario peonil diferenciado nin desniveis que a xustifiquen baixo a actual normativa. Outro tanto podería dicirse da mención á sinalización, na que se ignora se se propón a prohibición dos vehículos ou dos peóns por certas vías sendo en calquera caso igualmente unha medida desproporcionada”.

En informe posterior, do 26.10.2016, o propio enxeñeiro engade que “No referente á perigosidade da curva e a súa visibilidade, débese aclarar que son conceptos relacionados coa normativa de trazado e que adquiren sentido cando se trata de vehículos nos que a velocidade é un factor. No caso de tránsito peonil, ou en cadeira de rodas como é o caso, non teñen significado técnico e non deberían considerarse de modo algún coma causa do accidente”.

*Esta última precisión entendemos que resulta fundamental á hora de verificar o estándar de funcionamento do servizo público aplicable ao caso, pois con independencia do concreto deseño do vial e o seu estado de conservación, aspecto no que existe discrepancia entre os técnicos informantes a instancia do reclamante e a Administración, o certo é que non se achega a apreciar, atendida as circunstancias do caso cal sería o concreto elemento causal do dano vinculado co funcionamento do servizo público de entidade tal como para provocar un accidente dun vehículo das características dunha cadeira de rodas, de velocidade moi limitada, sendo así ademais que o accidentado indicou aos facultativos que o atenderon que o accidente se produciu por un fallo na propia cadeira, e non consta no expediente que a discapacidade que padece o señor *lle impida o axeitado goberno da súa cadeira de rodas, e a capacidade para circular con seguridade e autonomamente nese medio de desprazamento, sendo de ponderar igualmente que o accidente se produciu a plena luz do día e o accidentado é veciño do lugar e se lle supón o coñecemento da vía.**

Así as cousas, concorre unha segunda circunstancia conducente á desestimación da reclamación, aínda aceptando en termos dialécticos que o accidente acontecera no lugar indicado, pois no presente caso non é apreciable que o accidentado fora vítima dunha creba do estándar de seguridade no estado da vía vinculado causalmente coa materialización do sinistro, o que igualmente abonda na creba do presuposto do nexo causal como elemento inexorable do resarcimento pretendido.

Tal é así porque, aínda en ausencia dun feito de terceiro, non todo accidente que acontece nun vial público ten orixe causal no funcionamento do servizo público. Resulta ilustrativo neste sentido o indicado, entre outras, na STSXG núm. 379/2011, do 14 de abril, a teor da cal:

“(…) Singularmente recuerdan las SSTS de 05.06.98, 13.09.02 y 30.09.04, que no es acorde con el principio de responsabilidad patrimonial objetiva su generalización más allá del principio de causalidad, de manera que, para que se produzca, es imprescindible la existencia de un nexo causal entre la actuación de la administración

y el resultado lesivo o dañoso producido, y que la socialización de riesgos que justifica tal responsabilidad objetiva cuando actúa al servicio de los intereses generales no permite extender dicha responsabilidad hasta cubrir cualquier evento, lo que significa que la prestación por la administración de un determinado servicio público y la titularidad por parte de aquella de la infraestructura material para su prestación no implica que el vigente sistema de responsabilidad patrimonial objetiva de las administraciones públicas convierta a estas en aseguradoras universales de todos los riesgos con el fin de prevenir cualquier eventualidad desfavorable o dañosa para los administrados que pueda producirse con independencia del actuar administrativo, porque, de lo contrario, se transformaría aquel en un sistema providencialista no contemplado en nuestro ordenamiento jurídico (...)".

Por todo o que vai exposto, procede concluir que non se cumpren os requisitos legalmente establecidos para apreciar a existencia de responsabilidade patrimonial da Administración.

CONCLUSIÓN

Por todo o anteriormente exposto, a Sección de Ditames do Consello Consultivo de Galicia, por unanimidade dos seus membros, ditamina:

Que informa favorablemente a proposta de resolución á que o presente expediente se refire"

E para que así conste para todos os efectos, estendo o presente certificado en Santiago de Compostela, a dezaseis de decembro do dous mil dezaseis."


Por todo o exposto RESOLVO:

1. Rexeitar a solicitude presentada pola letrada don Olga Regueiro Darriba en representación de don Manuel formulando reclamación por danos sufridos cando circulaba na súa cadeira de rodas no tramo de vía municipal denominado O Portal de Ferro, en Lamas – Boqueixón, por importe total de en 39.218,10 euros, por inexistencia de relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e o dano producido, polo que procede desestimar a reclamación presentada.
2. Comunicar esta resolución os interesados.

Boqueixón, 2 de xaneiro do 2017

O alcalde


Manuel Fernández Munín



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

DECRETO

Con data 22 de setembro do 2016 a Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dita sentenza no recurso de apelación número 0004234 promovido por don José Manuel contra o Concello de Boqueixón (sentenza número 0004234/2016)

A sentenza do 22 de setembro do 2016 “desestima o recurso de apelación interposto por don José Manuel contra a sentenza do 23 de febreiro de 2016 ditada polo xulgado do contencioso- administrativo número 2 de Santiago de Compostela no procedemento ordinario 40/2015; sentenza que se confirma; con imposición de costas á parte recorrente ata un máximo de 1000 euros.”

Polo representante de don José Manuel remítese, vía Lexnet o 21 de novembro do 2016 un escrito, rexistrado co número 28.051/2016 de preparación de recurso de casación contra a sentenza de data 22 de setembro do 2016, no que interesou que se tivese por preparado e se remitisen os Autos ó Tribunal Supremo previo emplazamento das partes.

No Auto de data 16/12/2016 acordase ter por preparado o recurso de casación presentado por don José Manuel contra sentenza ditada por esta Sala do TSX de Galicia Con/AD SEC. 2, 002 A Coruña, no presente recurso de apelación. Recurso apelación 02/4234/2016.

Por todo o cal RESOLVO:

1. Dar conta da interposición do recurso de casación número 02/4234/2016 interposto ante a sala terceira do Tribunal Supremo.
2. Personarse ante a sala terceira do Tribunal Supremo en dito recurso, por medio do letrado da asesoría xurídica da Excm. Deputación Provincial da Coruña, de conformidade co disposto no apartado 4 do Regulamento de Asistencia Xurídica, Económica e Técnica ós Entes Locais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión de 25/5/88 e inserto no BOP número 124 de 1/6/88.

Boqueixón a 3 de xaneiro do 2017

O alcalde

Manuel Fernández Munín



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.es
C.I.F.: P-1501200-H

Servizo de Contratación

Resolución da alcaldía

Devolución de aval da obra incluída no Plan PAI 2015

Con data 2 de decembro de 2016, a empresa Oviga, SL presenta un escrito (16/2653) onde solicita a devolución do aval que presentou no ano 2015, cando foi adxudicatario da seguinte obra:

**Reparación camiño de cruce Boqueixón por Maravexas - Casaldesuso (Codeso)
- PAI 2015**


Segundo informes emitido polo técnico e director das obras, don Julio C. Rojo Martínez, informa que desde a recepción da obra, non se observan deficiencias que determinen responsabilidades a exercer sobre a garantía definitiva.

Segundo os arts. 102 e 307 da lei de contratos, despois do vencemento do prazo de garantía e cumprido o contrato sen que se formalizara ningún reparo ou denuncia de existencia de vicios ou defectos nos traballos realizados, os avais serán devoltos.

Á vista disto, Resolvo:

Devolver o aval depositado pola empresa Oviga, SL con motivo da execución da obra denominada Reparación camiño de cruce Boqueixón por Maravexas - Casaldesuso (Codeso) - PAI 2015 por importe de 5.055,02 euros

Boqueixón, 3 de xaneiro de 2017


Manuel Fernández Munín



CONCELLO DE
BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n - Boqueixón
Teléfono: 981-51 31 06
Fax: 981-51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.dicoruna.es

Resolución alcaldía

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DEPUTACIÓN POR IMPORTE DE 3.264,00 € PARA O GASTO DE PERSOAL DO PUNTO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA.

No BOP nº 89 do 11 de maio do 2016 saíu publicada a convocatoria de subvencións para a financiación do gasto de persoal de turismo durante o exercicio 2016.

Por Decreto de alcaldía do 2 de xuño de 2016, acordouse solicitar unha subvención unha subvención en materia gastos de persoal de oficinas de turismo (referencia do programa: DP0029/2016).

Mediante a Resolución de Presidencia número 18603 aprobouse a concesión definitiva dunha subvención de 3.264,00 € para o "gasto do persoal do punto de información turístico do concello de Boqueixón" Cód. Exp.: 2016000007940.

Á vista do cal, téndose cumpridos todos os requisitos necesarios para a xustificación da subvención concedida, a xunta local de goberno ACORDA:

- 1.- Aprobar e imputar a seguinte relación clasificada dos pagos realizados e de pagos ó persoal, dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos:



CONCELLO DE
BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n - Boqueixón
Teléfono: 981-51 31 06
Fax: 981-51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.dicoruna.es

Concepto aprobado na concesión	Datos do acredor		Documento xustificativo					Importe imputado
	NOME <small>Nome e apelidos (persoas físicas) Nome de empresa/entidade completo</small>	NIF	Concepto do xustificante	Tipo de documento	Data documento	Nº documento	Data pago	
GASTO PERSOAL PARA PUNTO DE INFORMACIÓN TURÍSTICO	RAQUEL SÁNCHEZ MELLA		SS+ SALARIO BRUTO	NÓMINA + TC	30/09/16 30/09/16	Nómina setembro	26/09/16 09/11/16	1.457,43 €
GASTO PERSOAL PARA PUNTO DE INFORMACIÓN TURÍSTICO	RAQUEL SÁNCHEZ MELLA		SS+ SALARIO BRUTO	NÓMINA + TC	31/10/16 31/10/16	Nómina outubro	25/10/16 29/11/16	778,23 €
GASTO PERSOAL PARA PUNTO DE INFORMACIÓN TURÍSTICO	RAQUEL SÁNCHEZ MELLA		INDEMNIZACIÓN FIN CONTRATO	NÓMINA	30/11/16	Nómina Indemnización	01/12/16	202,57 €
IMPORTE TOTAL XUSTIFICADO								2.438,23 €

NOME E APELIDOS DO TRABALLADOR: RAQUEL SÁNCHEZ MELLA	NIF DO TRABALLADOR:												
	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Malo	Xuño	Xuilo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	TOTAL XUSTIFICADO
Nómina: total devengado								1.103,28 €	428,25 €	INDEMNIZACIÓN 84,51 €			1.616,04 €
Seguridade social a cargo da empresa								354,15 €	349,98 €	118,06 €			822,19 €
TOTAL MES								1.457,43 €	778,23 €	202,57 €			2.438,23 €
Porcentaxe da xornada laboral do traballador imputada á actividade xustificada:	100%												



CONCELLO DE
BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n - Boqueixón

Teéfono: 981- 51 31 06

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr: correo@boqueixon.dicoruna.es

- 2.- Aprobar a memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 3.- Que o gasto xustificado, e obxecto de axuda, se reflectiu, na forma preceptiva, no Libro de Contabilidade da Entidade, segundo o disposto no art. 14.1 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 4.- Que os xustificantes de pago da subvención referenciada, non foron presentados como xustificantes en convocatorias anteriores.
- 5.- Que a entidade executou a publicidade da colaboración financeira da Deputación da Coruña na información que realizou do desenvolvemento das actividades ou investimentos do proxecto de subvención.
- 6.- Que, para o mesmo obxecto, non se obtivo ningunha subvención pública ou privada.
- 7.- Que non se ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada da Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación dos xustificantes.
- 8.- Que está aprobada a última Conta Xeral que legalmente sexa exixible e tela presentada ante os órganos de control externo.
- 9.- Que se cumpríu a finalidade da subvención mediante a realización da actividade para a que foi concedida.
- 10.- Comunicar este acordo á Deputación da Coruña.

Boqueixón, 4 de xaneiro de 2017

Manuel Fernández Munín
O alcalde de Boqueixón



Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

RESOLUCIÓN

En virtude das atribucións que me outorga o artigo 41.3 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais,

RESOLVO :

- 1) Delegar na Xunta de Goberno as seguintes atribucións :
 - a) Aprobar a oferta de emprego público de acordo co presuposto e o cadro de persoal aprobados polo pleno , aprobar as bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.
 - b) Sancionar as faltas de desobediencia á súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, salvo nos casos en que tal facultade estea atribuída a outros órganos.
 - c) Contratación de obras, de subministros, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais e os contratos privados, cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual ,cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
A adxudicación definitiva, ao terse que efectuar no prazo de 5 días hábiles seguintes á recepción do documento, poderá efectuarse indistintamente pola Xunta de Goberno , si coincide con sesión ordinaria, ou no caso contrario , pola alcaldía.
 - d) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no presuposto, e non se trate de contratos de obras cuxa execución exceda do presuposto anual, cuxos proxectos foran redactados independentemente para cada unha das partes da obra.
 - e) A adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos a lexislación patrimonial, cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto, nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicadas nin se trate de bens declarados de valor histórico ou artístico, calquera que sexa os eu valor.

- f) O outorgamento de licenzas, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou a outros órganos.
 - g) Ordenar a publicación, execución e facer cumprir os acordos do Concello.
 - h) A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral , non expresamente atribuídos ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
 - i) As demais competencias que expresamente lle atribúan as leis e aquelas outras que a lexislación do Estado ou da Comunidade Autónoma asignen ao municipio e non atribúan a outros municipais.
- 2) Dar conta desta resolución ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar e publicala no BOP e no taboleiro de edictos do Concello.

Boqueixón, 5 de xaneiro do 2017

O alcalde



Manuel Fernández Munín



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

Servizo de Contratación

Resolución da Alcaldía

Prórroga de contrato do servizo do mantemento informático do concello

O día 17 de xaneiro de 2014, asinouse o contrato do servizo do mantemento informático do concello coa empresa Compostela Digital, SL, cunha duración dun ano e a posibilidade de prorrogarse ata un máximo de catro anos.

Segundo o art. 23.2 da lei de contratos, no caso de darse prórroga, esta será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

Polo tanto, ante o próximo vencemento, e ó non ter Xunta de Goberno antes da data, Resolvo:

Avocar o coñecemento deste asunto, segundo o art. 10 da Lei 40/2015 do réxime xurídico do sector público, por causas técnicas.

Prorrogar o contrato do servizo do mantemento informático do concello por un ano máis, ata o 17 de xaneiro de 2018.

Comunicar este acordo á empresa para que confirme o seu consentimento

Boqueixón, 9 de xaneiro de 2017

O alcalde

Manuel Fernández Munín



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981-51 30 52
Fax: 981-51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

DECRETO

No Xulgado do Contencioso/Administrativo número 1, de Santiago de Compostela, estase a xulgar polo procedemento EJD execución definitiva 0000101/2016, procedemento ordinario 0000588/2008, o expediente administrativo contra o Concello de Boqueixón: "instada a declaración de nulidade dos acordos da Xunta de Goberno Local de 21 de xullo de 2016 e 22 de setembro do 2016 por ser contrarios ós pronunciamentos da sentenza firme 168/2016 da Sección II da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data 10 de marzo do 2016", e interposto polo letrado Carlos Abal Lourido e polo procurador José Paz Montero en nome e representación de don José Manuel

O día 23 de decembro do 2016 ten entrada no rexistro municipal, co número 16/2821, o oficio do xulgado polo que se require ao concello para que no prazo de 20 días remita o expediente administrativo e practique os emprazamentos pertinentes.

Considerando o disposto no artigo 4b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica aos entes locais, aprobado pola Deputación Provincial de A Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988.

Á vista do artigo 21.1 K da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

RESOLVO :

1. Persoarse no dito procedemento no Xulgado do Contencioso / Administrativo número 1, de Santiago de Compostela, exercitando este concello a súa defensa como parte demandada, encomendando tal defensa e representación ó letrado asesor xurídico da Excm. Deputación Provincial da Coruña, don Ramón Valentín López Rei, ou calquera outro letrado adscrito á dita Asesoría Xurídica da Excm. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica aos entes locais, aprobado pola Deputación Provincial de A Coruña, publicano no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988.
2. Emprazar a todos cantos sexan interesados no expediente para que poidan persoarse como demandados neste recurso no prazo de 9 días.
3. Comunicar esta designación ó letrado e facilitarlle cantos antecedentes e documentos sexan necesarios para os fins indicados.

Boqueixón, 11 de xaneiro de 2017

Alcalde

Manuel Fernández Munín



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

DECRETO

No Xulgado do Contencioso/Administrativo número 1, de Santiago de Compostela, estase a xulgar polo procedemento EJD execución definitiva 0000101 /2016, procedemento ordinario 0000588/2008, o expediente administrativo contra o Concello de Boqueixón: “instada a declaración de nulidade dos acordos da Xunta de Goberno Local de 21 de xullo de 2016 e 22 de setembro do 2016 por ser contrarios ós pronunciamentos da sentenza firme 168/2016 da Sección II da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia , da data 10 de marzo do 2016” e interposto polo letrado Carlos Abal Lourido e polo procurador José Paz Montero en nome e representación de don José Manuel

O día 23 de decembro do 2016 ten entrada no rexistro municipal, co número 16/2821, o oficio do xulgado polo que se require ao concello para que no prazo de 20 días remita o expediente administrativo e practique os emplacementsos pertinentes.

Por todo o cal RESOLVO :

1. Achegar copia do expediente administrativo autenticado, completo, encadernado, foliado e con índice de documentos, ao Xulgado do Contencioso / Administrativo número 1, de Santiago de Compostela, referido ao expediente “instada a declaración de nulidade dos acordos da Xunta de Goberno Local de 21 de xullo de 2016 e 22 de setembro do 2016 por ser contrarios ós pronunciamentos da sentenza firme 168/2016 da Sección II da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia , de data 10 de marzo do 2016” e interposto polo letrado Carlos Abal Lourido e polo procurador José Paz Montero en nome e representación de don José Manuel
2. Notificar a presente resolución aos interesados no expediente para que poidan persoarse como demandados neste recurso no prazo de 9 días.

Boqueixón, 11 de xaneiro de 2017

O alcalde:

Manuel Fernández Munín



Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

RESOLUCIÓN

Pagamento asistencias a Pleno

Con data 7 de decembro de 2016, tivo lugar a sesión extraordinaria do pleno, con motivo da elección do novo alcalde e da toma de posesión da nova concelleira.

Nesta data estaba de baixa a secretaria interventora titular, polo que a dirección xeral da administración local nomeou ó secretario interventor de Touro para actuar na referida sesión plenaria.

Por outro lado, a secretaria accidental, dona Adela Lamela Arteaga, estivo presente na sesión e mesmo tivo que efectuar funcións varias e tramitar expedientes do Servizo de Secretaría - Intervención, aparte das funcións propias do seu cargo.

Por todo isto, Resolvo:

1 Aboar ó secretario - interventor do Concello de Touro, don José Antonio Gómez Pedreira o importe de 120 euros pola súa asistencia á sesión plenaria realizada o día 07/12/2016.

2 Aboar a dona Adela Lamela Arteaga o importe de 200 euros pola súa asistencia á sesión plenaria realizada o día 07/12/2016 e pola tramitación e sinatura de expedientes de secretaría - intervención.

Boqueixón, 11 de xaneiro de 2017.

O alcalde


Manuel Fernández Munín



Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Resolución de autorización de tirada de fogos de artificio

O día 17 de xaneiro con rexistro de entrada núm. 17/71 don Juan Manuel Gaitero Moure, pirotécnico de Vedra, con dni _____ presenta unha solicitude para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio na parroquia de A Granxa (Pico Sacro) o día 20 de xaneiro 2017.

Resolvo

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais (DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG. núm. 140 do 23.07.2012)
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ninguén poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que concorra negligencia ou imprudencia.
5. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

Boqueixón, 17 de xaneiro de 2017

O alcalde

Manuel Fernández Munín



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15681 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

Resolución de autorización de tirada de fogos de artificio

O día 17 de xaneiro con rexistro de entrada núm. 17/70 don Juan Manuel Gaiteiro Moure, pirotécnico de Vedra, con dni _____ presenta unha solicitude para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio na parroquia de Boqueixón (O Forte) os días 21 e 22 de xaneiro 2017.

Resolvo

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais (DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG. núm. 140 do 23.07.2012)
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ninguén poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que conorra negligencia ou imprudencia.
5. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

Boqueixón, 17 de xaneiro de 2017


Manuel Fernández Munín



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.dicoruna.es

DECRETO

No DOGA nº 13 do 19 de xaneiro de 2017, saíu publicada a Resolución do 29 de decembro de 2016 da Axencia de Turismo de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia.

Este municipio ten 2 festas Declaradas de Interese Turístico de Galicia, o entroido dos Xenerais da Ulla e a Festa da Filloa de Lestedo. Neste caso, só podemos solicitar axuda económica para unha das festas porque así o indica a resolución no artigo 1, punto 3 e tería que ser para a Festa da Filloa de Lestedo porque a declaración de festa de interese turístico do entroido dos Xenerais da Ulla, foi unha declaración conxunta dos concellos da Estrada, Santiago, Teo, Vila de Cruces, Touro, Vedra, Silleda e Boqueixón, de xeito que a solicitude para esta festa realizárase de forma conxunta tamén pero irá como representante do grupo un dos concellos que non teñen festas declaradas no seu municipio.

Tendo en conta que se establecen as bases reguladoras da subvención en réxime de concorrència non competitiva, que a próxima Xunta de Goberno Ordinaria non se celebra ata o 2 de febreiro, e que esta alcaldía delegou as competencias na Xunta de Goberno,

Polo tanto, RESOLVO:

- 1.- Avocar o coñecemento e resolución deste asunto por razón técnicas.
- 2.- Aprobar a solicitude á Axencia de Turismo de Galicia dunha subvención para o gasto que se vai realizar na promoción e difusión da XXXIV Festa da Filloa de Lestedo, o cal implica o coñecemento e aceptación das bases reguladoras establecidas na Resolución do 29 de decembro de 2016 da Axencia de Turismo de Galicia, así como a aceptación das condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na citada Resolución, co seguinte orzamento:

CONCEPTOS	GASTO
Impresión cartelería	200 €
Mandiles e Gorros de Honra	260 €
Cuñas radiofónicas (Cope, Cadena 100, Radio Obradoiro)	3.706,5 €
Prensa escrita (El Correo Gallego, La Voz de Galicia)	2.000 €
GASTO TOTAL	6.166,5 €

- 3.- Aprobar a Memoria Explicativa do proxecto de “Promoción e difusión da XXXIV Festa da Filloa de Lestedo 2017”



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n - Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.dicoruna.es

- 4.- Aprobar a solicitude de colaboración económica da entidade Abanca de 1.500 €, que se formalizaría mediante convenio a tres entre Abanca, Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Boqueixón, tal e como se recolle no artigo 2, punto 4 da citada Orde de convocatoria. Esta achega da Abanca é independente e complementaria da subvención que se pode recibir ao abeiro da resolución da Axencia de Turismo de Galicia.
- 5.- Financiar o importe do orzamento do evento que non resulte subvencionado.
- 6.- Comunicar este acordo á Axencia de Turismo de Galicia.

Boqueixón, 20 de xaneiro de 2017
O alcalde

Manuel Fernández Munín



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

RESOLUCIÓN

Antecedentes

Con data 20 de outubro do 2016, recíbese no concello unha acta-denuncia presentada pola garda civil de Lestedo pola existencia de catro cans ceibos polas zonas próximas ao domicilio de don Manuel José propietario dos referidos cans.

Con data 28 de outubro de 2016, comunicaselle ao señor que debe adoptar as medidas oportunas co fin de que os citados cans estean debidamente vacinados, con microchip e cartilla sanitaria e que conten cun espazo debidamente pechado de xeito que non accedan libremente aos espazos públicos ou privados de xeito que supoñan un perigo para as persoas ou bens.

Con data 26 de decembro de 2016 reitéraselle ao señor o requirimento e dos cales, a esta data, fixo caso omiso.

Fundamentos xurídicos

A lei 1/1993 de protección de animais domésticos e salvaxes en cautividade, regula as infraccións no caso de incumprimento das obrigas, prohibicións, requisitos establecidos na mesma lei, así como das condicións impostas nas autorizacións administrativas.

O artigo 19 da citada lei cualifica como infracción leve, entre outras, a de manter o animal en instalacións inadecuadas e como infraccións graves, entre outras, a non vacinación e a reincidencia dunha infracción leve.

Estas infraccións conlevan a imposición de multas, por importes de 100 a 500 € as leves e de 501 a 5.000 € as graves.

O Decreto 153/1998 de protección de animais domésticos e salvaxes en cautividade establece no seu artigo 25.g que o posuidor dos animais debe adoptar as medidas necesarias para que o animal non poida acceder ás vías e espazos públicos ou privados. Así mesmo, no artigo 49.5 establécese que os animais ceibos en vivendas con acceso á vía pública deberán estar cercados de maneira que non poidan alterar ou asustar aos viandantes.

Na imposición das sancións, corresponde ao Alcalde as leves, a ao Director Xeral de Produción Agropecuaria, as graves.

Tal como establece o artigo 29.3 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, na imposición de sancións polas administracións públicas deberá observarse a debida

idoneidade e necesidade da sanción a impoñer e adecuación á gravidade do feito constitutivo da infracción. A graduación da sanción considerará especialmente, entre outros criterios, o da **continuidade ou persistencia** na conduta infractora.

Por outro lado, tendo en conta que os cans seguen ceibos pola vía pública, co conseguinte perigo que elo supón tanto para as persoas coma para o tráfico e que vostede reiteradamente incumpre os requirimentos efectuados polo concello, se no prazo máximo e improrrogable de 5 días (a contar desde o seguinte ao do recibo desta comunicación) non adopta as medidas necesarias para manter os cans recollidos e sen a posibilidade de que accedan á vía pública, o concello dará a orde á empresa prestadora do servizo de recollida da animais abandonados para que proceda coa recollida dos mesmos, sendo ao seu cargo o importe correspondente que ascende a 151,25 € por cada can.

Por todo isto, RESOLVO:


1. Iniciar o expediente sancionador contra don Manuel José para a imposición dunha sanción de 500 € pola tenza de 4 (catro) cans que andan ceibos polas zonas próximas o seu domicilio e sen a correspondente instalación adecuada que non permita o acceso dos mesmos á vía pública.
2. Darlle un prazo de 5 días para que proceda a adoptar as medidas necesarias que impidan o acceso dos cans á vía pública.
3. No caso de non adoptarse estas medidas, a empresa que presta o servizo de lacería ao concello de Boqueixón, procederá coa recollida dos cans.
O importe a aboar polo Sr. Manuel José ascende a $151,25 \times 4 = 605,00$ €, IVE incluído.
4. Concederlle un prazo de 10 días a contar desde o seguinte ao do recibo desta comunicación, para aportar cantas alegacións, documentos ou informes estime convenientes.
5. Nomear instrutor do expediente a don Juan Manuel Corral Sánchez

Boqueixón, 20 de xaneiro de 2017

O alcalde



Manuel Fernández Munín



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981-51 30 52
Fax: 981-51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

DECRETO

No Xulgado do Contencioso/Administrativo número 1, de Santiago de Compostela, estase a xulgar polo procedemento ordinario 665/2016, o expediente administrativo contra o Concello de Boqueixón: "acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de setembro do 2016 con rexistro de saída 27-09-2016", e interposto polo letrado Carlos Abal Lourido e pola procuradora Beatriz Cerviño Gómez, en nome e representación de don José Manuel emprendementos inmobiliarios do Sáramo SL.

O día 17 de xaneiro do 2017 ten entrada no rexistro municipal, co número 17/73, o oficio do xulgado polo que se require ao concello para que no prazo de 20 días remita o expediente administrativo e practique os emprazamentos pertinentes.

Considerando o disposto no artigo 4b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica aos entes locais, aprobado pola Deputación Provincial de A Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988.

Á vista do artigo 21.1 K da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

RESOLVO :

1. Persoarse no dito procedemento no Xulgado do Contencioso / Administrativo número 1, de Santiago de Compostela, exercitando este concello a súa defensa como parte demandada, encomendando tal defensa e representación ó letrado asesor xurídico da Excm. Deputación Provincial da Coruña, don Ramón Valentín López Rei, ou calquera outro letrado adscrito á dita Asesoría Xurídica da Excm. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica aos entes locais, aprobado pola Deputación Provincial de A Coruña, publicano no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988.
2. Emprazar a todos cantos sexan interesados no expediente para que poidan persoarse como demandados neste recurso no prazo de 9 días.
3. Comunicar esta designación ó letrado e facilitarlle cantos antecedentes e documentos sexan necesarios para os fins indicados.

Boqueixón, 25 de xaneiro de 2017

O alcalde

Manuel Fernández Munín



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

DECRETO

No Xulgado do Contencioso/Administrativo número 1, de Santiago de Compostela, estase a xulgar polo procedemento ordinario 665/2016, o expediente administrativo contra o Concello de Boqueixón: “acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de setembro do 2016 con rexistro de saída 27-09-2016”, e interposto polo letrado Carlos Abal Lourido e pola procuradora Beatriz Cerviño Gómez, en nome e representación de don José Manuel emprendementos inmobiliarios do Sáramo SL.

O día 17 de xaneiro do 2017 ten entrada no rexistro municipal, co número 17/73, o oficio do xulgado polo que se require ao concello para que no prazo de 20 días remita o expediente administrativo e practique os emprazamentos pertinentes.

Por todo o cal RESOLVO :

1. Achegar copia do expediente administrativo autenticado, completo, encadernado, foliado e con índice de documentos, ao Xulgado do Contencioso / Administrativo número 1, de Santiago de Compostela, referido ao expediente “acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de setembro do 2016 con rexistro de saída do 27-09-2016” e interposto polo letrado Carlos Abal Lourido e pola procuradora Beatriz Cerviño Gómez en nome e representación de don José Manuel e emprendementos inmobiliarios do Saramo SL.
2. Notificar a presente resolución aos interesados no expediente para que poidan persoarse como demandados neste recurso no prazo de 9 días.

Boqueixón, 25 de xaneiro de 2017

O alcalde:

Manuel Fernández Munín



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

DECRETO

En relación coa edificación existente no Pico Sacro, iniciada no ano 1979 e sobre a cal a sentenza da sala do contencioso – administrativo de data 16/03/1982, FALLOU anular a licenza concedida pola comisión municipal permanente do concello en sesión do 19 de outubro de 1979.

Tendo en conta que, a pesares da prescrición da referida sentenza é conveniente proceder coa demolición, no seu caso, da dita edificación, resolvo:

1. Que a técnica municipal emite informe urbanístico en canto a situación e condicións urbanísticas necesarias para proceder coa demolición, no seu caso.

Boqueixon, 26 de xaneiro de 2017

O alcalde:

Manuel Fernández Munín



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n - Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.dicoruna.es

DECRETO

O período subvencionado, ao abeiro da orde do 29 de decembro de 2015, pola que se estableceron as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2016, está a rematar para todas as entidades que teñan persoas técnicas contratadas ao abeiro desta orde que rematen o devandito período a 31/01/2017, sendo este o caso do Concello de Boqueixón.

Tendo recibido por correo electrónico o día 27 de xaneiro de 2017 as instrucións da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria sobre o mantemento dos servizos no caso das entidades con persoal técnico cuxo contrato finaliza o 31/01/2017, no que se especifica a documentación necesaria para solicitar o mantemento dos servizos de orientación a aquelas entidades que estean nesta situación e teñan previsto solicitar as axudas que, se convoquen no exercicio 2017.

POR TODO O ANTERIOR, RESOLVO:

1 Prorrogar o contrato dende o 1 de febreiro de 2017 da traballadora Lucía Veleiro Ferreiro como Técnico de Orientación Laboral, até a data da resolución da correspondente convocatoria de axudas para o exercicio 2017. Contémplase unha prórroga inicial de 11 meses.

2 Comunicar esta resolución ó departamento de persoal.

Boqueixón, 31 de xaneiro de 2017.

O alcalde

Manuel Fernández Munín

